

1. Líder



1 2

O RÁcing VILLALBÉS ALZOUSE NO DERBI

Vitoria dos de Cholas con goles de Moreda e Santi Marín no ecuador da primeira parte. Antes do descanso Rey alimentou o soño dos puntos para un Lugo B que segue enfadado co gol. Os chairegos son oitavos con 13 puntos e os de Diego Sánchez seguen con un, pechando a táboa na Liga Nacional xuvenil

LIGA GALEGA INFANTIL

O Lugo segue medrando



Tras impoñerse na Frigsa, os de Dani Galán suman os nove últimos puntos en xogo na Liga Galega infantil, cos que ascenden ata o oitavo posto da clasificación

INFANTIL AUTONÓMICA

O grupo Centro xa ten aos tres clasificados

A falta de dúas xornadas para o remate da primeira fase, CD Lugo B, Rácing Villalbés e Sagrado Corazón A, xa teñen asegurada a súa presenza na Provincial infantil

TEMPORAL

8 encontros suspendidos



LIGA GALEGA CADETE

Gabriel asinou os dous goles ante a Milagrosa



Pedro mantivo con vida aos da Frigsa na primeira metade ata o un a cero do capitán chairego. A Milagrosa foi o mellor equipo que pasou esta tempada polo Roca, pero os de Madriles caeron ante un Rácing nun inmillorable estado de forma



Clasificacións » Ligas Superiores e Provinciais

XUVENIL D. DE HONRA

RESULTADOS	
R. Oviedo – Ural	3-4
R. Ferrol – Sp. Gijón	1-0
Deportivo – RC Celta	0-0
Bansander – Covadonga	2-0
R. Santander – CD Lugo	1-2
Pontevedra – Val Miñor	2-3
At. Perinés – CD Lugo	0-4
Alondras – TSK Rocés	1-2

CLASIFICACIÓN

Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC
RC CELTA	24	9	8	0	1	22	8
CD LUGO	20	9	6	2	1	19	11
R. SANTANDER	19	9	6	1	2	23	9
SPORTING GIJÓN	18	9	5	3	1	31	8
REAL OVIEDO	18	9	5	3	1	18	6
RC DEPORTIVO	14	9	4	2	3	15	10
TSK ROCÉS	14	9	4	2	3	11	15
URAL CF	13	9	4	1	4	18	14
ATL PERINÉS	13	9	3	4	2	13	15
BANSANDER	11	9	3	2	4	9	14
RACING FERROL	9	9	2	3	4	12	17
ED VAL MIÑOR	9	9	2	3	4	11	18
PONTEVEDRA CF	6	9	2	0	7	9	22
CD COUNDEES	5	9	1	2	6	4	17
ALONDRA CF	4	9	1	1	7	4	23
CD COVADONGA	3	9	0	3	6	5	17

PRÓXIMA XORNADA

TSK Rocés - Deportivo	CD Lugo - Pontevedra
Colindres - R. Oviedo	Val Miñor - At. Perinés
Covadonga - R. Ferrol	RC Celta - Bansander
Sp. Gijón - R. Santander	Ural - Alondras

XUVENIL LIGA NACIONAL

RESULTADOS	
Pabellón – Valladares	1-1
Orillamar – Conxo	2-2
Porriño – Sta. Mariña	1-1
CD Lugo B – RC Villalbes	1-2
CD Aroesa – CD Areosa	0-0
RC Celta B – CD Lárez	5-1
Arosa SC – R. Bouzas	3-0
Choco – Calasanz	0-1
Victoria – Deportivo B	2-1

CLASIFICACIÓN

Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC
R.C. CELTA "B"	19	8	6	1	1	20	9
VICTORIA C.F.	19	8	6	1	1	18	8
PABELLON C.F.	19	8	6	1	1	17	7
C.D. CALASANZ	19	8	6	1	1	15	7
C.D. AREOSA	16	8	5	1	2	14	8
DEPORTIVO "B"	16	8	5	1	2	13	7
C.D. CHOCO	13	8	4	1	3	10	8
RC VILLALBES	13	8	4	1	3	9	10
ORILLAMAR S.D.	11	8	3	2	3	18	17
SANTA MARINA	10	8	3	1	4	11	10
VAL MIÑOR "B"	10	8	2	4	2	8	7
PORRIÑO C.F.	10	8	2	1	4	10	14
C.D. CONXO	7	8	2	1	5	13	19
RAPIDO BOUZAS	7	8	2	1	5	6	12
VALLADARES	5	8	1	2	5	7	13
AROSA S.C.	5	8	1	2	5	6	23
C.D. LAREZ	4	8	1	1	6	9	23
C.D. LUGO "B"	1	8	0	1	7	6	18

PRÓXIMA XORNADA

Pabellón - Orillamar	CD Lárez - Arosa SC
Conxo - Porriño	R. Bouzas - Choco
Sta. Mariña - CD Lugo B	Calasanz - Victoria
RC Villalbes - Val Miñor B	Valladares - Deportivo B
CD Aroesa - RC Celta B	

XUVENIL GALEGA NORTE

RESULTADOS	
Arteixo – Boiro	1-1
Ural B – Victoria B	1-2
Compostela – Estrada	2-1
Residencia A – Bergantiños	0-4
As Pontes – Viveiro CF	2-2
G. Caranza – Dumbria	4-0
Montañeros – At. Riveira	4-1
EF Lalín – Betanzos	4-0
Conxo B – O Val	2-3

CLASIFICACIÓN

Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC
E.F. LALIN	22	8	7	1	0	23	4
S.D. COMPOSTELA	19	8	6	1	1	23	10
MONTANEROS C.F.	18	8	5	3	0	19	7
BERGANTIÑOS C.F.	16	8	5	1	2	15	9
S.O. O VAL	15	8	5	0	3	17	16
C.F. DUMBRIA	14	8	4	2	2	13	11
ESTRADA FB	12	8	4	0	4	11	16
URAL C.F. "B"	11	8	3	2	3	18	14
VICTORIA C.F. "B"	11	8	3	2	3	13	13
C.D. BOIRO	10	8	3	1	4	11	14
G. CARANZA	9	8	3	0	5	17	18
VIVEIRO C.F. "A"	9	8	2	3	3	11	13
C.D. AS PONTES	8	8	2	2	4	10	10
RESIDENCIA "A"	7	8	2	1	5	13	21
BETANZOS C.F.	7	8	2	1	5	13	24
AT. DE RIVEIRA	7	8	2	1	5	6	17
C.D. CONXO "B"	6	8	2	0	6	7	32
AT. ARTEIXO	3	8	0	3	5	10	16

PRÓXIMA XORNADA

At. Arteixo - Ural B	Dumbria - Montañeros
Victoria B - Compostela	At. Riveira - EF Lalín
Estrada - Residencia A	Betanzos - Conxo B
Bergantiños - As Pontes	Boiro - O Val
Viveiro CF - G. Caranza	

XUVENIL GALEGA SUR

RESULTADOS	
Comesaña – Tomiño	5-5
Ribadumia – A Seca	0-3
Coruxo – Choco B	0-0
Calasancio – UD Ourense	0-0
Barco – Barbadas	1-3
Alondras B – Verín	2-1
Ourense CF – Monteporreiro	1-3
Vila Corpus – AJ Lárez	2-1
Portonovo – Pabellón B	1-1

CLASIFICACIÓN

Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC
UD. OURENSE	19	8	6	1	1	19	8
OURENSE C.F.	18	8	6	0	2	27	10
MONTPEPORAIRE	18	8	6	0	2	21	11
VILA DO CORPUS	17	8	5	2	1	17	14
CORUXO F.C.	14	8	4	2	2	9	7
UD. BARBADAS	13	8	4	1	3	12	11
C.D. RIBADUMIA	13	8	4	1	3	18	18
A.J. LAREZ	12	8	4	0	4	21	13
E.D.C. VERIN	12	8	3	2	3	14	10
PABELLON "B"	11	8	3	2	3	21	12
A.D. TOMINO	11	8	3	2	3	25	24
C.P. CALASANCIO	11	8	3	2	3	8	15
ALONDRA C.F. "B"	10	8	3	1	4	14	17
A.C.D. A SECA	9	8	3	0	5	16	14
UD. COMESAÑA	8	8	2	2	4	16	21
PORTONOVO S.D.	5	8	1	2	5	10	21
C.D. CHOCO "B"	4	8	1	1	6	6	21
C.D. BARCO	0	8	0	0	8	6	33

PRÓXIMA XORNADA

Comesaña - Ribadumia	Verín - Ourense CF
A Seca - Coruxo	Monteporreiro - Vila Corpus
Choco B - Calasancio	AJ Lárez - Portonovo
UD Ourense - Barco	Tomiño - Pabellón B
Barbadas - Alondras B	

CADETE DIVISIÓN HONRA

RESULTADOS	
Pabellón – Val Miñor	2-1
Ural – Conxo	3-0
Coruxo – Sta. Mariña	1-0
CD Lugo – Bergantiños	3-3
Ourense CF – CD Aroesa	5-4
RC Celta – Pontevedra	4-2
Montañeros – San Tirso	0-0
R. Ferrol – Calasanz	1-3
Victoria – RC Deportivo	0-1

CLASIFICACIÓN

Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC
R.C. DEPORTIVO	24	8	8	0	0	24	2
URAL C.F.	19	8	6	1	1	16	7
R.C. CELTA S.A.D.	18	8	6	0	2	32	9
PABELLON C.F.	16	8	5	1	2	19	10
PONTEVEDRA C.F.	15	8	5	0	3	14	10
VAL MIÑOR	13	8	4	1	3	14	9
CORUXO F.C.	13	8	4	1	3	13	11
C.B. LUGO	11	8	3	2	3	16	13
CD CONXO	11	8	3	2	3	12	11
C.D. CALASANZ	11	8	3	2	3	9	11
SAN TIRSO S.D.	10	8	3	1	4	13	13
OURENSE C.F.	10	8	3	1	4	9	14
SANTA MARINA	9	8	2	3	3	10	14
RACING FERROL	9	8	3	0	5	7	18
BERGANTIÑOS C.F.	8	8	2	2	4	19	16
VICTORIA C.F.	6	8	2	0	6	10	20
MONTANEROS C.F.	2	8	0	2	6	3	26
C.D. AREOSA	1	8	0	1	7	9	25

PRÓXIMA XORNADA

Pabellón - Ural	Pontevedra - Montañeros
Conxo - Coruxo	San Tirso - R. Ferrol
Sta. Mariña - CD Lugo	Calasanz - Victoria
Bergantiños - Ourense CF	Val Miñor - RC Deportivo
CD Aroesa - RC Celta	

CADETE GALEGA NORTE

RESULTADOS	
Deportivo B – EF Lalín	1-1
Ural B – Victoria B	4-1
Bertamirans – Estrada	1-0
Dumbria – Bergantiños B	1-0
San Tirso B – Viveiro CF	1-1
G. Caranza – CD Lugo B	7-0
RC Villalbes – Milagrosa	2-0
Orillamar – Calasanz B	0-5
X. Oroso – R. Ferrol B	4-0

CLASIFICACIÓN

Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC
BERTAMIRANS C.F.	22	8	7	1	0	21	5
RC VILLALBES	21	8	7	0	1	23	7
R.F. DUMBRIA	21	8	6	1	1	16	7
X. OROSO	19	8	6	1	1	26	11
DEPORTIVO "B"	19	8	6	1	1	21	8
GALICIA CARANZA	16	8	5	1	2	27	6
BERGANTIÑOS "B"	13	8	4	1	3	8	6
ESTRADA FB	13	8	4	1	3	13	14
C.D. CALASANZ "B"	11	8	3	2	3	13	7
SAN TIRSO S.D. "B"	11	8	3	2	3	15	13
VIVEIRO C.F. "A"	9	8	2	3	3	15	14
C.B. LUGO "B"	9	8	3	0	5	11	20
URAL C.F. "B"	8	8	2	2	4	8	17
VICTORIA C.F. "B"	4	8	1	1	6	7	17
E.F. LALIN	4	8	1	1	6	9	20
ORILLAMAR S.D.	3	8	1	0	7	5	25
R. FERROL "B"	3	8	1	0	7	5	28
S.C.D. MILAGROSA	1	8	0	1	7	3	24

PRÓXIMA XORNADA

Deportivo B - Ural B	CD Lugo B - R. Villalbes
Victoria B - Bertamirans	Milagrosa - Orillamar
Estrada FB - Dumbria	Calasanz B - X. Oroso
Bergantiños - San Tirso	EF Lalín - R. Ferrol B
Viveiro CF - G. Caranza	

INFANTIL GALEGA NORTE

RESULTADOS	
RC Deportivo – San Tirso	7-1
Ural – Victoria	2-2
Bertamirans – X. Oroso	2-0
Residencia – Bergantiños	0-3
Imperator – G. Caranza	4-2
Milagrosa – CD Lugo	0-5
Montañeros – At. Riveira	1-0
EF Lalín – Calasanz	1-3
Conxo – R. Ferrol	0-1

CLASIFICACIÓN

Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC
R.C. DEPORTIVO	24	8	8	0	0	54	5
BERTAMIRANS F.C.	24	8	8	0	0	38	4
MONTANEROS C.F.	20	8	6	2	0	26	4
URAL C.F.	19	8	6	1	1	15	8
VICTORIA C.F.	16	8	5	1	2	26	22
RACING FERROL	16	8	5	1	2	17	16
E.F. LALIN	13	8	4	1	3	20	21
C.D. LUGO	12	8	4	0	4	20	12
C.D. CONXO	11	8	3	2	3	15	19
X. OROSO	10	8	3	1	4	18	13
SAN TIRSO S.D.	10	8	2	4	2	11	13
AT. DE RIVEIRA	9	8	3	0	5	14	24
BERGANTIÑOS C.F.	7	8	2	1	5	10	20
C.D. CALASANZ	7	8	2	1	5	10	23
IMPERATOR O.A.R.	6	8	2	0	6	12	23
GALICIA CARANZA	3	8	1	0	7	11	33
S.D. RESIDENCIA	1	8	0	1	7	5	32
MILAGROSA	0	8	0	0	8	5	35

PRÓXIMA XORNADA

O Lugo asalta o segundo posto

OS DE ÁLEX ANTÓN rozaron por momentos a excelencia en Santander, sorprendendo de inicio cun cambio de sistema, e no treito final resitiron o asedio cantabro en busca do empate



Arbitro: Jaime Peñafiel Arrizaga. Campo: Instalaciones Deportivas Nando Yosu, Santander

O Lugo xa é segundo na División de Honor xuvenil. Os de Álex Antón asaltaron o segundo chanzo da clasificación tras impoñerse na Cidade Deportiva Nando Yosu a todo un Rácing de Santander, que pasa a ser agora terceiro a un punto dos lucenses.

Conscientes da importancia destes tres puntos para seguir soñando coas primeiras posicións, o Lugo traballou a conciencia o encontro ao longo da semana. Suscitando un cambio de sistema ao xogar con tres centrais, dous carrileros, catro medios e un punta.

O traballado saíu á perfección, en parte tamén

1

DEBUT DE ORAZ

Chega do fútbol catalán para reforzar o conxunto de Álex Antón, que está sacando a licenza para soñar neste inicio de tempada tras sumar 20 dos 27 primeiros puntos en xogo

porque o Rácing non o esperaba.

Na primeira xogada os locais tiveron un man a man ante Pablo Losada, pero tan só foi un espellismo, xa que o Lugo ata xogou a pracer durante moitas fases da primeira parte.

Aos dez de xogo as boas



Gabarre, autor de dous goles, entre Dani Vidal, Óscar e Martín nun partido na Reigosa

sensacións vironse reflectidas no marcador tras un roubo de balón de David Guitián, que asistiu para que Gabarre inaugurase o marcador co cero a un.

Álex Ramos volveu exhibirse a balón parado, asinando o cero a dous ao cuarto de hora cun lanzamento de falta directa na que sorprendeu ao porteiro

local.

O Rácing de Santander recuperou un pouco o pulso co dous a un, que chegou tras un inexistente penalti nunha acción na que lle facían falta a Casariego.

Á media hora o Lugo volveu poñer terra polo medio no marcador co tres a un, nesta ocasión por

medio de Christian nunha acción marca da casa do nove ao aproveitar un balón ao espazo.

A primeira parte terminou con un a tres e co Lugo dominando practicamente todas as facetas do xogo.

Nada máis empezar a segunda Gabarre volveu ver porta tras culminar un

“Rozamos la goleada en Santander, pero al final sufrimos en exceso para traernos los tres puntos en juego”

MIGUEL MATEOS CD Lugo

contragolpe cun certo remate cruzado.

A partir de aí o Lugo perdoou a goleada en Santander, con varias chegadas sen finalizar, mentres que o Rácing de Santander empezou a maquillar o resultado co dous a catro, tras un barullo dentro da área e cun novo penalti que supuxo o tres a catro a falta de vinte minutos.

Lonxe de poñerse nervioso o Lugo soubo ler o partido, levou ao seu terreo e durmiu, aínda que é certo que Pablo Losada tivo que lucirse cunha gran intervención para evitar o empate a catro na única ocasión clara dos cantabros na recta final do encontro para poder empatar un partido de claro dominio lucense.

TROFEO JORGE TATO XUVENIL SUPERIORES			Regularidade XUVENIL SUPERIORES			Pichichi CADETE SUPERIORES			Regularidade CADETE SUPERIORES			Pichichi INFANTIL SUPERIORES			Regularidade INFANTIL SUPERIORES		
Xogador	Equipo	G.	Xogador	Equipo	P.	Xogador	Equipo	G.	Xogador	Equipo	P.	Xogador	Equipo	G.	Xogador	Equipo	P.
VELOSO	Residencia	5	XABI B.	CD Lugo B	15	GABRIEL	RC Villalbés	10	LUIS	Viveiro CF	15	MOHA	CD Lugo	4	CEREJO	Calasancio	12
ÁLEX RAMOS	CD Lugo	4	ANXO	CD Lugo	12	BRIAN	CD Lugo	5	GABI	RC Villalbés	10	AYMAN	CD Lugo	3	ALVITE	Residencia	x
BATALLÓN	Residencia	4	MACLY	Viveiro CF	11	LUIS	Viveiro CF	5	GABRIEL	RC Villalbés	10	DANI	CD Lugo	3	GONZALO	Milagrosa	9
CHRISTIAN	CD Lugo	4	MOREDA	RC Villalbés	9	MANU	CD Lugo	3	TRASI	Viveiro CF	10	NACHO	Calasancio	3	MARCOS	Milagrosa	8
MOREDA	RC Villalbés	4	IVÁN	Viveiro CF	7	PÉREZ	CD Lugo	3	MIGUEL	SCD Milagrosa	9	PÉREZ	CD Lugo	3	BUIDE	CD Lugo	6
DAVID LÓPEZ	RC Villalbés	3	ÓSCAR	RC Villalbés	7	BORJA	CD Lugo B	2	XOEL IRIMIA	CD Lugo B	9	BUIDE	CD Lugo	2	B. VASCO	Milagrosa	6
GABARRE	CD Lugo	3	XOEL EUJO	Viveiro CF	7	CASTRÍN	CD Lugo	2	CADRA	RC Villalbés	8	CEREJO	Calasancio	2	MAEL	Residencia	5
ABEL	Calasancio	2	ABEL	Calasancio	6	GABI	RC Villalbés	2	DANI	RC Villalbés	8	AHÍTO	Milagrosa	1	NACHO	Calasancio	5
JAIRÓ	Viveiro CF	2	JAIRÓ	Viveiro CF	6	GABRI	CD Lugo B	2	DENIS	SCD Milagrosa	8	ALONSO	Residencia	1	TONI	Calasancio	4
MARTÍN	CD Lugo	2	JUAN	Viveiro CF	6	IAGO GESTO	RC Villalbés	2	ALEJANDRO	Viveiro CF	6	BRUNO	Milagrosa	1	DANI	CD Lugo	4
ÓSCAR	CD Lugo	2	ANDRÉS	Calasancio	5	JERICÓ	Viveiro CF	2	BRAIS	SCD Milagrosa	6	DÍAZ	Calasancio	1	DAVID	Residencia	3
PABLO C.	Viveiro CF	2	ÁNGEL	Residencia	5	RAÚL L.	RC Villalbés	2	IAGO	SCD Milagrosa	6	ERIK	Residencia	1	JORGE	CD Lugo	3
SERGÍ	Calasancio	2	IAGO	Calasancio	5	SAMUEL	CD Lugo	2	MANEL	CD Lugo B	6	HUGO	Milagrosa	1	MOHA	CD Lugo	3
XAVI	Viveiro CF	2	XAIRO	CD Lugo B	5	TRASI	Viveiro CF	2	BOIXET	Viveiro CF	4	JAVI	Calasancio	1	ROSÓN	CD Lugo	3
ÁLEX G.	Residencia	1	ÁLEX	RC Villalbés	4	BRUNO	Viveiro CF	1	BORJA	CD Lugo B	4	JULIO	Residencia	1	CARMEN	Calasancio	3
ARIAS	CD Lugo B	1	BATALLÓN	Residencia	4	CADRA	RC Villalbés	1	FREIRE	CD Lugo B	4	MARCO	CD Lugo	1	DÍAZ	Calasancio	3
BEGONTE	Residencia	1	FER	Residencia	4	CANDAL	RC Villalbés	1	LUCAS	Viveiro CF	4	RAÚL	Milagrosa	1	HUGO	Milagrosa	3
CUMBRAOS	Residencia	1	GARCÍA	Residencia	4	DANI	RC Villalbés	1	MARIO	SCD Milagrosa	4	ROSÓN	CD Lugo	1	IAGO	Calasancio	3
DANI	Calasancio	1	YAGO	Viveiro CF	4	DARÍO	CD Lugo B	1	MATEO	CD Lugo B	4	SAÚL	Residencia	1	NICO S.	Residencia	3
DANI	CD Lugo B	1	IVÁN	Residencia	4	DENIS	Milagrosa	1	PAJÓN	SCD Milagrosa	4	XAVI	Residencia	1	DENIS	Calasancio	2
DAVID	CD Lugo	1	JAVI	Calasancio	4	FREIRE	CD Lugo B	1	CABADO	RC Villalbés	3	IKER	CD Lugo	1	HUGO P.	Residencia	2
EMILIO	CD Lugo B	1	JORGE	Calasancio	4	GOÁS	RC Villalbés	1	JORGE	CD Lugo B	3	ANTÓN	CD Lugo	1	IVÁN	Residencia	2
FONSECA	Residencia	1	MARÍN	RC Villalbés	4	HUGUITO	Viveiro CF	1	LUIS	CD Lugo B	3	-	-	-	LEO	Milagrosa	2
YAGO	Viveiro CF	1	PORTO	CD Lugo B	4	IAGO GOÁS	RC Villalbés	1	P. ALONSO	Viveiro CF	3	-	-	-	MANU F.	CD Lugo	2
IVÁN	Viveiro CF	1	ADRI	Residencia	3	JAVIER	CD Lugo	1	PABLO	Viveiro CF	3	-	-	-	PEDRO	Milagrosa	2
JAVI	Calasancio	1	ÁLEX	Calasancio	3	JORGE	CD Lugo B	1	RAÚL	SCD Milagrosa	3	-	-	-	RAÚL	Residencia	2
			ARIAS	CD Lugo B	3	LEO	CD Lugo B	1	CABARCOS	SCD Milagrosa	3	-	-	-			



Etham nun remate franco de cabeza á saída do córner que non rematou en gol, nunha das ocasións máis claras do Lugo B na segunda metade do derbi ante Rácing Villalbés

O Villalbés impuxo o seu estilo no derbi

OS DE CHOLAS FORON MÁIS CERTEIROS sendo fieles ao patrón de xogo que arrollou ao Lugo B na primeira metade. Na segunda a falta de gol lucense volveu quedar patente

Lugo B e Rácing Villalbés medironse no derbi provincial da Liga Nacional na Fonte, nun partido no que ambos intentaron ser fieis ao seu estilo e no que os chairegos demostraron que o seu está máis perfeccionado e é máis fiable neste tipo de encontros.

A intensidade coa que os de Cholas afrontaron o encontro excedeu aos de Diego Sánchez, que intentaron baixar o balón ao céspede, pero ante a presión e o fútbol directo chairego víronse superados, especialmente ao gañar estes as segundas accións.

A idea do Rácing era clara con Moreda e David arriba, mentres que Anxo converteuse no dono do medio campo desde os primeiros minutos. Pola súa banda o Lugo B, que tivo a primeira ocasión clara de gol cun remate de Yago ao poste, volveu evidenciar que se lle está facendo de noite ante a portería rival neste tramo de competición.

As sensacións eran mellores por parte do Villalbés, cunha atmósfera de choiva na que se atopaban máis cómodos, e nun visto e non visto puxeron o partido de cara e deixaron prac-

CD LUGO B	RC VILLALBÉS
Gol: Rey 1 2 Goles: Marín e Moreda	
Vila (Rivas) Dani Arias (Lis) Rey Damián (Ander) Brais Etham Rubén (Emilio) Porto Xabi B. Yago Xabi D.	Herrero (Dani) Jose Moreda (Abel) Oscar Alex David (Rares) Anxo Noel Clemente Marín (Samuel) Santi

Arbitro: David Pereira Ferreira, Fernando Diaz e Alejandro Luna Campo: A Fonte (Cospesol)

“No podemos tirar 45 minutos de partido como hicimos” DIEGO SÁNCHEZ CD Lugo B

“Partido en el que hemos trabajado y disfrutado como equipo. Todos han aportado en esta victoria. Felicidades” CHOLAS RC Villalbés

ticamente derbi con dous goles no ecuador da primeira parte.

O cero a un asinouno Moreda nunha acción marca da casa, con saque longo de Clemente, prolongación de

David e remate de volea de Moreda ao fondo da súa mallas. Mentres que sen tempo para asimilalo, tan só dous minutos despois, Herrero puxo un bo centro que rematou Santi Marín facendo o

cero a dous.

Co marcador a favor o Rácing xuntou liñas, pero o Lugo B meteuse no partido de cara á segunda parte ao recortar distancias Rey, tras un saque de esquina en curto no que Xabi Becerra gañou a liña de fondo e serviu un bo pase da morte ao central.

O Lugo B conseguiu cambiar o guiño de partido no segundo tempo. Aos poucos meteu ao Rácing no seu campo con centros e accións a balón parado nas que mereceron o gol do empate, pero Clemente, Noel e ata o pau impediron, mentres que á contra o Villalbés tamén dispuxo dalgunha ocasión para matar o encontro.

Ao final, vitoria xusta dos chairegos, sobre todo pola primeira parte, ante un Lugo B que foi de menos a máis e ao que lle volveu faltar a guinda do gol para poder puntuar.

Próxima xornada

O Lugo B viaxa a Coto-grande para medirse co Santa Mariña, que sumou un punto dos últimos nove en xogo, mentres que o Rácing recibirá no Roca ao Val Miñor B.



Abel e Ander medindose tras un balón dividido



Anxo protexendo o balón ante Álex e Emilio



Herrero tras un man a man no que se luciu o meta Brais



Rares conducindo o balón ante Porto e Lis en medio campo

O Calasancio estreia a conta no Álex Blanco

PUNTO DE MÉRITO ante o líder da Liga no recién nomeado terreo de xogo

CP CALASANCIO	UD OURENSE
0	0



Árbitro: Carlos Andrés Lamus. Joel Lanzos e Borja Quiruga. Campo: Álex Blanco

“Punto valioso pola entidade do rival. Pero polo visto no campo quizais merecíamos os tres puntos” RUBÉN NÚÑEZ CP Calasancio

O Calasancio pasou con nota a visita do líder aos Escolapios. Os monfortinos fixéronse fortes arredor dun gran traballo defensivo que lles permitiu deixar a portaría a cero por primeira vez na temporada, e sumar un punto, valioso pola entidade do rival, pero escaso se contamos as ocasións de un e outro equipo ao longo do partido.

A formulación defensiva do Calasancio, cun lago omnipresente no traballo de cotización en mediocampo, concedeu-lle ao Ourense un dominio do

balón estéril en canto a ocasións. De feito, un remate de córner foi o seu único disparo a porta durante a primeira parte. Pola contra, os monfortinos tiveron oportunidades para ir ao descanso con vantaxe nas botas de Abel, que superou constantemente ao lateral nas súas internas pola banda, e Brais.

Na segunda metade o vento xogou a favor do Ourense pero o Calasancio seguiu amosándose seguro á hora de conxurar o perigo nos balóns á espalda cos que os visi-



Brais pisa o coiro ante dous xogadores rivais | Roi Fernández



O monfortino Abel, un dos mellores do encontro | Roi Fernández

tantes intentaban sortear a sólida defensa monfortina. O bo traballo dos locais exasperou aos ourensáns, que non conseguían atopar ocos malia merodear a área. A súa ansiedade acabou con tres expulsados e cun partido algo trabado no

último cuarto de hora no que, con todo, o Calasancio aínda puido ter a última palabra. A falta de precisión no último pase afastounos de completar a fazaña que roza-ron con ocasións de Brais, Sergi e Abel.

O Viveiro mereceu a vitoria na segunda parte

TRAS O DESCANSO

os celestes saíron a polo partido, pero non tiveron premio

AS PONTES	VIVEIRO CF
2	2



Goles: Marcos e Daniel por As Pontes; Pablo Chao e Xavi polo Viveiro CF

“Un punto que deberían haber sido tres”

ANTONIO SERRANO Viveiro CF

Terceiro empate da temporada para o Viveiro CF, con sabor amargo polas ocasións perdidas na segunda parte para facerse coa vitoria. Foi na segunda metade

cando se viu a versión máis atrevida e ambiciosa do equipo celeste que, na primeira metade, saíu cunha proposta máis conservadora, tratando de evitar ocasións do rival. Nesa parte o guión iba camiño de cumprirse pero, antes do descanso, o colexiado pitou un penalti que acabou converténdose no 1-0.

Tras o paso polos vestiarios, os viveirenses cambiáronlle a cara ao partido cunha formulación máis ambiciosa en ataque que axiña deu os seus froitos en forma de chegadas á área rival. Unha delas acabaría nun penalti sobre Juan que Pablo Chao transformou no 1-1 aos setenta de xogo. Aos dous minutos unha mala saída volvería poñer ao equipo local por diante, 2-1. Aos celestes tocáballes volver remar contracorrente, pero axiña conseguiron o empate cun disparo desde fóra da área de Xavi, e logo sucedéronse as ocasións para darlle a volta ao marcador. Yago e Jorge, nun remate que se foi ao largueiro, tiveron as máis claras, pero o marcador non se volvería mover deixando un sabor amargo entre os viveirenses.

RESIDENCIA	BERGANTIÑOS
0	4



Goles: Diego, Javier, Victor e César polo Bergantiños.

Árbitro: Yago Castro Amil

A Residencia segue recibindo un duro castigo en cada ocasión que concede e iso evidenciouse ante o Bergantiños na Cheda o pasado sábado, nun partido no que os de Dani Galán tiveron que remar contracorrente desde o minuto uno, ao encaixar o cero a un nun erro defensivo que desencadeou nun man a

Momento de resetearse

TRES DERROTAS SEGUIDAS e catro xornadas sen gañar



Batallón e Ángel presionando a un dianteiro rival ante Reigosa

man ante o que Óscar non puido facer nada.

A partir de aí a Residencia xerou perigo, especialmente por medio de Fonseca e Ander, pero faltou a guinda do gol e toda a contundencia acaparaouna o Bergantiños, que fixo o cero a dous no ecuador da primeira parte tras unha gran xogada

individual dun extremo visitante, pero a puntilla chegou antes do descanso co cero a tres.

Un resultado avultado, xa que a Residencia en ataque deu moi boas sensacións, pero quedaron nun segundo plano pola fragilidade defensiva.

Os da Cheda vianse capaces de facer unha machada

“Estamos en una Liga en la que tenemos que ser mucho más contundentes defensivamente”

DANI GALÁN SDC Residencia

no segundo tempo, pero sen gol é imposible calquera remontada. Ata catro ocasións claras xerou a Resi, que mellorou en defensa pese a encaixar o amplo cero a catro nos minutos finais.

Cun punto dos últimos 12 en xogo as urxencias por puntuar empezan a ser notables e con esa intención viaxará a Residencia na próxima xornada, na que se medirán cun Estrada que perdeu os seus dous encontros disputados como local esta tempada.

OS MELLORES

RESIDENCIA
FONSECA
PABLO
ANDER

Ao Lugo escapáronse dous puntos na Fonte

OS DE MARTÍN MURADO levaron a iniciativa no marcador, pero deixaron ir unha renda de dous goles na segunda parte

“Últimos minutos de empuxe e ocasións do Lugo sen premio”

MARTÍN MURADO CD Lugo

O Lugo foi superior ao Bergantiños no com-puto xeneral do encontro, exceptuando nos primeiros minutos nos que os visitantes entraron mellor ao partido deixando claras as súas intencións con fútbol directo sobre o seu mellor xogador, o dianteiro centro William, autor de dous dos tres goles.

Aos poucos os de Martín Murado foron entonándose e empezaron a xerar perigo, sobre todo por banda dereita con chegadas de Iago Fernández e Pérez que terminaban en centros á área e córner.


Con todo, o un a cero antes do cuarto de hora naceu pola banda esquerda, cun centro de Manu que rematou ao fondo das mallas Pérez cun remate no segundo pau desde dentro da área pequena.

O Bergantiños reaccionou co empate a un que

asinou William tras unha segunda xogada, pero tan só un minuto despois Brian fixo o dous a un co que se chegou ao descanso.

Ao final da primeira parte o botín para o Lugo ata semellaba escaso, pero ao comezo da segunda metade ampliárono co tres a un. Nesta ocasión foi Pérez o que serviu un bo balón que rematou de volea Manu chegando desde a esquerda para poñer terra polo medio no marcador.

O Bergantiños non se rendeu e recortou distancias ao rematar unha falta lateral que se coou por toda a escuadra, mentres que noutra acción a balón parado, esta vez tras un saque de esquina, chegou o tres a tres cun autogol. A partir de aí asedio sen derruba por parte dun Lugo que mereceu gañar, pero non concretou ningunha das claras ocasións que xerou.



Arbitro: Alejandro Vázquez. Alejandro Luna e Manuel Rodríguez. Campo: A Fonte (Cospeito)



Pérez no centro que desencadeou no 3-1 de Manu



Manu medíndose cun defensa rival ante Brian



Fonseca saíndo co balón controlado ante un rival



Frutos atallando o balón ante Fonseca e un dianteiro rival

Borrón en Caranza e conta nova

O GALICIA, coma fixera a semana pasada na Frigsa, exhibiu unha gran contundencia na segunda parte cun bloque de xogadores de último ano moi complicado de frear



Pablo Nodard gañando a liña de fondo ante un rival

A pasada xornada o Galicia Caranza xa se exhibiu en Frigsa o seu potencial ofensivo cun equipo formado por xogadores de segundo ano que ante equipos como a Milagrosa ou o Lugo B marca as diferenzas.

En Ferrol os de Edu Rodríguez saltaron ao terreo de xogo sen complexos e ata dispuxeron da primeira ocasión para facer o cero a un, cun disparo de Freire ante o que se luciu o porteiro local.

A partir de aí a superioridade física do Galicia Caranza marcou o encon-



Arbitro: Álvaro García, Sergio López e Javier Fidalgo. Campo: Municipal Caranza

tro. Ao descanso o marcador xa era de cinco a cero con goles en rápidas transicións moi complicadas de frear polos xogadores lucenses, que con todo, lonxe de baixar os brazos na segunda parte,

competiron á marxe do que indicaba o marcador e vironse uns segundos corenta minutos moito máis igualados nos que o Galicia Caranza, con dous goles máis, levou o marcador final ata o avultado sete a cero co que finalizou

“Tenemos que olvidarnos cuanto antes de este partido. Esta derrota forma parte del proceso de aprendizaje”

EDU RODRÍGUEZ CD Lugo B

o encontro no Campo Municipal de Caranza.

Derbi provincial O Lugo B recibirá ao Rácing Villalbés a próxima xornada no seu primeiro derbi da temporada. Os chairegos veñen de gañar nesta xornada a Milagrosa por dous goles a cero e instálanse na segunda posición da táboa con 21 puntos dos 24 posibles.

OS MELLORES

CD LUGO B

XOEL 2 2 2

MANEL 2 2

HUGO 2



Gabriel celebrando cos seus compañeiros o un a cero no Roca



Pedro evitando nun man a man o cero a un ante Cabarcos e Yago

Gabriel e Pedro renovan a licenza para soñar

21 PUNTOS DOS 24 EN XOGO PARA O RÁcing VILLALBÉS tras impoñerse a unha Milagrosa que foi o equipo que mellor competiu este curso no Roca

RC VILLALBÉS	SDC MILAGROSA
Goles: Gabriel (2)	
2 0	2

Arbitro: Ángel Pérez Rodríguez. Brais García Valín e Fernando Díaz. Campo: Estadio Roca

“A Milagrosa cerrounos os espazos á espalda e costounos moito entender o que necesitaba o encontro. Moito mérito este grupo con semellante puntuación” **SIMÓN LAMAS** RC Villalbés

“El buen partido que hicimos tenemos que reafirmarlo el próximo sábado” **MADRILES** Milagrosa

O Rácing Villalbés segue instalado na parte alta da clasificación tras impoñerse á Milagrosa no derbi con dous goles do Gabriel, nun encontro en que as diferenzas que reflicte a táboa clasificatoria minimizáronse no terreo de xogo, sendo os de Madriles os que mellores sensacións deixaron esta tempada ao seu paso polo Roca.

Os capitalinos sorprendéron cunha defensa de tres centrais coa que gañaron unha gran solvencia defensiva e saíron á contra con moitísimo perigo, dispoñendo das ocasións máis claras na primeira parte.

O cero a cero ao descanso era un resultado que asinaban os de Simón Lamas, xa que Pedro detivo dous man a man e lucíuse

cun par de estiradas que salvaron aos chairegos. Malia iso, Gabriel non asinou ese pacto das táboas ao descanso, e tras facerse cun balón en tres cuartos de campo conectou un impresionante disparo que se coou por toda a escudra sen que Borja puidese facer nada para evitar o un a cero do capitán chairego.

O gol era un premio excesivo para o Rácing ao descanso, xa que non se atopou nada cómodo ao longo do primeiros corenta minutos. Xa na segunda parte o factor desnivelante volveu ter nome propio e ese foi de novo Gabriel ao asinar o seu décimo gol da tempada co que sentenciaba un derbi que perdeu ritmo e intensidade tralo dous a cero.

GOLES de Gabriel que xa suma 10 esta tempada, mentres que a Milagrosa enteira tan só suma tres goles a favor nas oito primeiras xornadas da Liga Galega cadete



Miguel trata de cortar ao chairego Hugo, a piques de facer un pase



Denis, da Milagrosa, e Raúl nunha acción de ataque do Villalbés



Yago e David medíndose en carreira nun lance do xogo

O Viveiro CF mereceu máis na segunda metade

LUIS marcou o empate e tivo o gol da vitoria, pero a sorte foi esquiva co equipo celeste

SAN TIRSO B	VIVEIRO CF
1	1

Goles: Pablo polo San Tirso. Luis polo Viveiro

Arbitro: Alexandre Represas Rodríguez. David Seoane López e Brais Heras Cambeiro

“Un partido con una parte para cada equipo en el que fuimos mejores en la segunda” **LUCHI** Viveiro

Empate con sabor agriçoce para o Viveiro CF, que rematou o encontro coa

impresión de deixar escapar os tres puntos. Na primeira metade.

os de Luchi, frios e frouxos nas disputas, víronse superados polo San Tirso, que gañaba os balóns divididos e buscaba ao seu nove para facer dano en ataque. Así chegou o 1-0 co que se chegou ao descanso. Porén, na segunda metade os viveirenses foron os donos do encontro. Con confianza co balón e máis profundidade no xogo foron capaces de chegar á area rival e crear varias ocasións antes de que, no minuto 65, Luis marcará o empate culminando un pase en profundidade. O 1-1 botou atrás ao San Tirso que, nos últimos quince minutos, tivo que dedicarse a defender ante o empuxe dos celestes na busca da vitoria. O propio Luis tería ocasións de poñer ao equipo por diante nunha acción na que, finalmente, se anticipou o porteiro coruñés. Álex tamén puido facer o 1-2 nun remate de cabeza que non conseguiu conectar ben. Os de Luchi xa preparan a visita do Galicia de Caranza ao Marcos Gómez.

OS MELLORES

VIVEIRO CF
LUIS 1 1 1
TRASI 1 1
BOIXET 1

O Calasancio segue medrando

GRAN PRIMEIRA METADE NO ÁLEX BLANCO na que os de Manu Rodríguez dispuxeron de ocasións moi claras e foron superiores a un Santa Mariña que reaccionou na segunda parte



A plantilla do Calasancio posando antes do inicio dun partido esta temporada en Monforte | Dosi

O Calasancio segue dando pasos no camiño correcto tras medirse co Santa Mariña nas Instalacións Deportivas Álex Branco, onde trazaron o plan previsto ao longo da primeira parte á perfección.

O traballado ao longo

da semana radicaba en dificultar a saída de balón do Santa Mariña, e os de Manu Rodríguez exerceron unha presión alta á perfección, facendo que os visitantes estivesen incómodos

ao longo dos primeiros corenta minutos.

OS MELLORES

CALASANCIO
CARMEN
CEREJO
DÍAZ

Os roubos de balón en campo rival daban confianza ao Calasancio e nun deles, tras presión ao porteiro, Nacho fixo o un a cero.

marcador co que se chegou ao descanso, pero que por méritos debeu de ser máis amplo para os monfortinos.

Xa na segunda parte o Calasancio tivo que atrasar un pouco a primeira liña de presión ante o desgaste físico, e o Santa



Arbitro: Saúl López Parga, Joel Lanzas e Óscar Cabañas Campo: Escalopos

“Hay que mirar para arriba, cada día estamos un poquito mejor. Debemos seguir unidos”

MANU RODRÍGUEZ CP Calasancio

Mariña atopouse co empate nun disparo cruzado desde fóra da área. Pouco despois estrelaron un balón no poste, pero a última ocasión foi para o Calasancio cun remate de Nacho que se foi por encima do travesero

nunha acción que puido recompensar o gran traballo e esforzo realizado polos monfortinos ao longo dos oitenta minutos, nos que gañaron en confianza pese a sumar tan só un dos tres puntos en xogo.

A Residencia recuperou sensacións na visita á Cheda do Bergantiños



Mael leva o esférico ante un xogador do Bergantiños



Nico Suárez chega para cortar unha xogada de ataque rival

A BOA PRIMEIRA METADE devolveu aos branquiazuis a confianza perdida polos resultados das dúas últimas xornadas



Arbitro: Jesús Adán Gallego, Jorge Carballido Vega e Yerai Díaz Castro Campo: A Cheda

A Residencia recuperou as boas sensacións tras dúas xornadas complicadas para os branquiazuis. Malia o resultado, o equipo mostrou na Cheda a solidez que parecera perder en pasados encontros,

pese ao despiste nun balón á espalda que lles custou o 0-1 aos doce minutos de encontro, os de Káiser non lle perderon a cara ao partido e controlaron as chegadas dos visitantes atrevéndose tamén á

“A actitude e a intensidade da primeira parte son o camiño a seguir nun futuro”

KAISER SDC Residencia

hora de saír co balón protagonizando algunhas chegadas á área visitante. Así, ao descanso o marcador era de 0-1. O reto era manter a intensidade no segundo tempo no que se agardaba que o Bergantiños, fisicamente superior, saíra a pechar o partido. Os branquiazuis responderon malia sufrir un novo revés con dous goles visitantes nos primeiros minutos da segunda parte. O balón non lles queimou nos pés aínda que, no treito final, o can-

sanzo lles pasou factura. David evitou o cuarto ao parar un penalti, dando ao equipo un argumento máis para seguir. O vindeiro rival será o Xuventude Oroso.

1º

PARTIDO COMO TITULAR

Nico Suárez debutou no once branquiazul facendo un gran partido no lateral esquerdo, especialmente ao longo da primeira metade



Diego coa pelota logo de superar a Alex



Ayman leva o balón defendido polo albivermello Cristian



Gonzalo vaise por velocidade de Marco

O Lugo monopolizou o derbi ante a Milagrosa no Luis López Gorgoso

OS ALBIVERMELLOS CUMPLIRON O GUIÓN PREVISTO e continúan sumando en confianza tras gañar os últimos nove puntos en xogo sen saír da cidade de Lugo

SCD MILAGROSA	0	5	CD LUGO
Goles: Pérez (2), Moha, Antón e Iker			

Arbitro: Xavier Rebolo Jul. Rubén León Casal e Iago Caeiro Mariño Campo: Luis Gorgoso

Nove puntos de nove sen saír da cidade para o CD Lugo que, tras impoñerse no derbi ante a Residencia, gañaron tamén nas Gándaras ante o Imperator e repetiron triunfo ante a Milagrosa no derbi, escalando ata o oitavo posto da clasificación na Liga Galega infantil con 12 puntos, a 7 do soño do corte das catro primeiras posicións.

En Friga o entramado defensivo de Madriles veuse abaixo moi pronto, xa que aos cinco minutos Pérez inaugurou o marcador co cero a un.

O obxectivo da Milagrosa era que o minutos pasasen sen encaixar gol, para comprobar si ao Lugo entrábanlle as presións e cometía algún erro. Con todo, o cero a un deulle aos de Dani e Covi unha gran tranquilidade.

A partir de aí monopolizara a posesión con Manu e Rosón moi activos no medio campo, conseguindo levar o balón a banda con facilidade, onde sobre todo pola dereita con Dani e Marco, o Lugo gañaba a liña de fondo.

Nunha desas accións

“Llegarán los resultados, estoy seguro. Tenemos que mantener la calma y la fe en el trabajo diario”

MADRILES SCD Milagrosa

“Llevamos una buena dinámica de resultado pero tenemos que seguir subiendo el nivel”

DANI GALÁN CD Lugo

Pérez rematou no segundo pau para facer o cero a dous antes do descanso, nunha primeira parte na que a Milagrosa non baixou os brazos en ningún momento.

O mesmo guión mantívose na segunda parte na que Moha fixo o cero a tres nos primeiros minutos. O Lugo non quixo facer sangue en Friga e a Milagrosa non baixou os brazos pese á superioridade rival para que iso sucedese, polo que tan só se viron dous goles máis na última media hora no Luis López Gorgoso. O cero a catro, que asinou Iker, e o cero a cinco

OS MELLORES

MILAGROSA	CD LUGO
CRIS	ROSÓN
LEO	BUIDE
GONZALO	JORGE

final por medio de Antón, ambos ao rematar cadanseu centro lateral.

Próxima xornada

